6 RAZÓNS PARA COLABORAR CON ESPANICA

1 SOMOS UNHA COOPERATIVA SEN ÁNIMO DE LUCRO HISPANO-NICARAGÜENSE

O noso obxectivo é ser facilitadora entre as produtoras do Sur e as consumidoras do Norte, eliminando o lucro por parte das intermediarias

2 DEFENDEMOS UN MODELO ALTERNATIVO E SOLIDARIO

Levamos 25 anos colaborando con tendas de comercio xusto, grupos de consumo, tendas ecolóxicas e pequenas tendas de barrio. Non colaboramos con grandes superficies

3 APOIAMOS UNHA PRODUCIÓN RESPECTUOSA COA NATUREZA

As cooperativas produtoras do café cultivan á sombra, é dicir, no bosque orixinal, o xeito de produción agroecolóxico máis respectuoso coa natureza existente. Ademais, ESPANICA contribúe con fondos de educación á formación en agroecoloxía doutras pequenas produtoras de Nicaragua



4 ANTICIPAMOS FONDOS ÁS PRODUTORAS AO 0% DE INTERESE

Somos a única importadora de café que anticipa ás produtoras fondos ao 0% de interese para a produción do ano seguinte, podendo así cubrir os gastos de cultivo e non precisando de abusivos préstamos bancarios

5 CAFÉ GOURMET A PREZO SOLIDARIO

O noso café é da máxima calidade, certificado SHG (cultivado a 1.500 m de altitude), arábica 100% lavado suave; Pero os nosos prezos son máis axustados para facilitar a súa compra e que podas apoiar a ESPANICA máis facilmente

6 DISTRIBUÍMOS MÁIS PRODUTOS DA ECONOMÍA SOCIAL

Desde fai 10 anos que temos incorporado ao noso proxecto novos produtos da economía social e solidaria, procedentes de Ecuador, Cuba, Italia e Andalucía: Azucre e panela ecolóxicos, aceite de oliva virxe extra, cacaos, chocolates e pastas ecolóxicas

Intégrate no consumo responsable e solidario